



## Luis Gutiérrez Canal gaña o Campeonato de España de Rastro de Xabaryl disputado en Portomarín

Baixo a organización da Real Federación Española de Caza coa colaboración da Federación Galega de Caza, o pasado día 11 de xullo disputouse no concello lucense de Portomarín, a XVII edición do Campionato de España de Cans de Rastro modalidade “Xabaryl”.

Xa na xornada do venres, os 29 participantes desta decimosétima edición fixeron a súa chegada a Portomarín dende as Comunidades Autónomas de Cantabria, Castela e León, Asturias e Galicia para ser recibidos cunha cea inaugural coa que se abría o telón desta proba nacional.

Metidos de cheo xa no campionato, os participantes dividíronse en dous campos para afrontar a rolda clasificatoria na que os sete mellores de cada campo pasarían á fase final. A mañá presentábase con unha temperatura agradable e con pequenos bancos de neboa que pronto se espallaría para dar paso a un día soleado e con temperaturas elevadas que dificultaron moito a fixación do rastro polos cans na fase final.

Na primeira fase clasificatoria, Casimiro González con “Chanquete” no campo B tivo a mellor puntuación, sendo o cántabro Lorenzo Marcano con “Sandy” o mellor no Campo A.

Unha vez degustado o taco campeiro os xuíces nomearon aos 14 clasificados para a fase final, deu comenzo esta baixo unhas temperaturas moi elevadas e un terreo que dificultou en gran medida a adhesión do rastro e o traballo dos cans e monteiros sobre este.

Na fase final sobresaíu a actuación de Luís Gutiérrez Canal con “Mori” alcanzado un total de 222,65 puntos que lle permitiron subir ao máis alto do pódium e proclamarse de novo Campión de España da modalidade. O asturiano Casimiro González Alonso co seu can “Chanquete” obtivo 218,33 puntos que lle daban o subcampeonato de España. Completou o pódium Carlos Antuñano Díaz e o seu can “Sell” con 214,01 puntos.

